

## CASUÍSTICAS DA NON VALORACIÓN DE MÉRITOS PERFECCIONADOS Á DATA DA CONVOCATORIA (28/10/2022) E ALEGADOS NO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS (21/11/2022)

Para os efectos de formular reclamación, mediante o modelo normalizado, contra as puntuacións provisionais outorgadas, a continuación expóñense por cada apartado do baremo (anexo II da orde de convocatoria) unha serie de casuísticas da non baremación na dita puntuación provisional para aqueles méritos que foran alegados no prazo de presentación de instancias.

### CUESTIÓNS XERAIS

Unicamente se teñen en conta os méritos perfeccionados á data da publicación da convocatoria, iso é o 28/10/2022 (base 11.2) e a documentación xustificativa ten que estar redactada nun idioma oficial desta Comunidade Autónoma, isto é, galego e/ou castelán. En caso contrario, deberá acompañarse da súa tradución oficial ou xurada realizada por tradutor xurado ou validada polo consulado ou oficina diplomática correspondente, se é o caso.

No caso de títulos oficiais estranxeiros deben acompañarse da correspondente credencial de homologación.

A documentación xustificativa debe vir completa, non se admite unicamente unha páxina integrante do documento e este debe ser unha certificación oficial.

### CUESTIÓNS ESPECÍFICAS

<b>I. Experiencia docente previa: máximo 7 puntos.</b>		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
1.1. Por cada ano de experiencia docente na especialidade do corpo a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas. No caso de persoas aspirantes que exercesen nalgunha das especialidades atribuídas ao extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional, valorarase a experiencia nestas especialidades para o ingreso ás mesmas especialidades no corpo de que se trate	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unicamente se ten en conta un <b>máximo de 10 anos entre os 4 epígrafes.</b></li> <li>• Non consta o corpo e especialidade</li> <li>• Non consta data concreta de inicio e/ou de remate para cada nomeamento, non é válida a referencia unicamente ao curso académico</li> </ul>	Apartados 1.1, 1.2 e 1.3 folla de servizos da Administración educativa correspondente na que se precisen as cuestións sinaladas

1.2. Por cada ano de experiencia docente noutras especialidades do mesmo corpo a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas.		
1.3. Por cada ano de experiencia docente noutras especialidades doutros corpos diferentes ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas.		
1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta a persoa aspirante, noutros centros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• No apartado 1.4 os servizos prestados nun centro público non dependente dunha Administración educativa ou nun centro privado debe corresponder ao nivel ou etapa educativa correspondente ao corpo que opta e debe figurar tamén a data concreta de inicio e de remate de cada contrato, non é válida a referencia unicamente ao curso académico</li> <li>• O servizos prestados en centros públicos non dependentes da administración educativa compútanse no apartado 1.4</li> <li>• Non se acollen os servizos docentes universitarios</li> </ul>	Apartados 1.4 Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica na que se precisen as cuestións sinaladas.
<b>II. Formación académica: máximo 3 puntos.</b>		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido	No caso de titulacións universitarias na certificación académica non consta expresamente que estea	Certificación académica persoal onde se recolla que a nota media se calcule conforme á normativa

con carácter xeral para ingreso no corpo (doutoramento, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou diplomatura universitaria, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica para corpos docentes do subgrupo A2	calculada a nota media conforme ao disposto no Real decreto 1125/2003 ou protocolo SUG 23/03/2005	mencionada
2.2. Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios:		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
2.2.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados ou título oficial de máster (Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, BOE do 29 de setembro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente:	Non se bareman títulos propios non oficiais impartidos polas universidades ou outros títulos de outra índole non universitarios non comprendidos dentro da ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.  Non se bareman títulos desta índole que se empreguen como requisito para acceso ao corpo e especialidade ao que opta	
2.2.2. Por posuír o título de doutoramento:		
2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:		
2.3. Outras titulacións universitarias:		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
2.3. Outras titulacións universitarias:		
2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo:	No caso de primeiros ciclos de licenciaturas, enxeñarías ou arquitectura (para os corpos nos que sexa baremable) non se puido comprobar que o primeiro ciclo da licenciatura/enxeñaría/arquitectura se tivera cursado.	Certificación académica da licenciatura/enxeñaría/arquitectura onde conste todas as materias cursadas no primeiro ciclo e no segundo ciclo, ademais da titulación alegada para o ingreso.

2.3.2. Titulacións de segundo ciclo:		
2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
	Valoraranse en caso de non ser alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou cando se acredite que non foron utilizadas para a obtención do título alegado.	Certificación académica do título alegado no que consta a vía de acceso
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
a) Por cada título profesional de música ou danza:		
b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unicamente se bareman o nivel avanzado C1 ou C2 de linguas estranxeiras e vernáculos, agás para o galego que se barema so o avanzado C2, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas</li> <li>• Só se barema o certificado de nivel avanzado partir da entrada en vigor do Real 1041/2017, do 22 de decembro. Polo tanto, con carácter xeral, os certificados de nivel avanzado obtidos a partir do curso académico 2018/19. Os certificados de nivel avanzado dos plans anteriores non se bareman.</li> </ul>	
c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño:	Non se bareman equivalencias	
d) Por cada título de técnico superior de formación profesional:	Non se bareman equivalencias	Achegar o título de bacharelato.
e) Por cada título de técnico deportivo superior:	Non se bareman equivalencias. Os títulos de adestrador	

	deportivo non se bareman como títulos de técnico superior.	
2.5. Dominio de idiomas estranxeiros.		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
	<p>O mesmo nivel do mesmo idioma estranxeiro non computa simultaneamente nos apartados 2.4.b) e 2.5</p> <p>As linguas vernáculas non computan, non son linguas estranxeiras</p> <p>Só computan os certificados/ensinanzas establecidas na Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011</p>	
<b>III. Outros méritos: máximo 5 puntos.</b>		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
3.1.Pola superación da fase de oposición na mesma especialidade do corpo a que opta a persoa aspirante, nun procedemento selectivo de ingreso en corpos da función pública docente, ata un máximo de dous procedementos, nas convocatorias realizadas desde 2012, incluído	<p>Non se teñen en conta aquelas fase de oposición superadas con anterioridade ao 2012</p> <p>Unicamente se ten en conta aquelas fase de oposición superadas correspondente ao corpo e especialidade ao que opta</p>	
3.2. Formación permanente: máximo 2,000 puntos.		
	<b>CAUSA DE NON BAREMACIÓN</b>	<b>ACREDITACIÓN</b>
	En ningún caso terán baremación as actividades cuxa denominación se corresponda coa tipoloxía de	Para vincular a afinidade do curso alegado coa/s especialidade/s ás que opta cómpre achegar e xustificar o



	<p>Xornadas, Actividades de innovación, Encuentros, Obradoiros, Talleres e outras Actividades con horas de formación ou doutra índole semellante</p> <p>Soamente se bareman os seguintes tipos de cursos: Cursos, seminarios, grupos de traballo, proxectos de formación en centros e congresos así como os títulos propios expedidos polas Universidades en uso da súa autonomía. Nestes casos os curso terán que cumprir ademais os requisitos formais e materiais esixidos pola convocatoria.</p> <p>Os cursos non inferiores a 2 créditos que cumpran os requisitos, puntuándose cada dous cursos con 0,200 puntos. Unicamente se bareman cursos convocados por administracións públicas ou por universidade ou entidades recoñecidas pola administración educativa</p> <p>Os estudos conducentes á obtención dunha titulación non se bareman</p>	<p>programa correspondente da actividade formativa.</p>
--	---	---

**Nota:**

O PRESENTE DOCUMENTO TEN CARÁCTER MERAMENTE INFORMATIVO E, EN CONSECUENCIA, NON POSÚE CARÁCTER DE CRITERIO VINCULANTE NIN XERA DEREITOS NIN EXPECTATIVAS DE DEREITO, NIN GARDA VINCULACIÓN FORMAL NINGUNHA CO TIPO DE PROCEDEMENTO AO QUE SE REFIRA